

NOTA DE PRENSA

ARTISTAS E ESTUDANTES CONVOCADOS POLO COBGA CONVIRTEN LIXOS MARIÑOS EN ARTE PARA CONCIENCIAR SOBRE O PROBLEMA

**A iniciativa enmárcase no proxecto
“Stop and help!, que o lixo non chegue ao mar”**

**Este proxecto forma parte do programa
O teu Xacobeo da Xunta de Galicia**

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2022.- O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia presentou na mañá de hoxe, no Centro de visitantes do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, na cidade de Vigo, os resultados de “*Stop and help!, que o lixo non chegue ao mar*”, un proxecto impulsado por esta entidade, que forma parte do programa O teu Xacobeo da Xunta de Galicia, e cuxo principal obxectivo consiste en fomentar a conservación do patrimonio natural a través dunha serie de xornadas de limpeza de lixo mariño desenvolvidas en diferentes praias e enclaves costeiros de varios dos concellos atravesados polo Camiño Portugués da Costa.

O acto, no que estiveron presentes a delegada territorial en Vigo da Xunta de Galicia, Marta Fernández-Tapias, o decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, José A. Fernández Bouzas, e o seu xerente, D. Pablo Fernandes Alonso, contou tamén coa participación de Saleta González Pimentel xerente de Equilátero DSC e Carme Hermo Sánchez e Antón Sobral Iglesias, artistas de recoñecido prestixio que tamén participaron no proxecto.

Foron preto de 200 as persoas voluntarias que colaboraron nas diferentes actuacións de retirada de refugallos mariños nos concellos de A Guarda, o Rosal, Baiona e Nigrán, tanto pertencentes a asociacións do terceiro sector, entre as que é preciso destacar Alento, Avelaíña, ANABAM, a Asociación San Xerome Emiliani, A Jalleria, o Consello Climático Xuvenil de A Guarda, Cruz Roja Baixo Miño, como estudantes, profesoras e profesores do CEP Sabarís de Baiona e do IES Antón Losada Diéguez de A Estrada, así como tamén representantes dos mencionados concellos.

Polo que respecta aos residuos, en total, no conxunto das catro limpezaas desenvolvidas, conseguíronse recoller máis de 310 quilos, tanto de orixe marina como continental. Entre os primeiros destacaron moitos utensilios extraviados durante o execicio das actividades económicas desenvolvidas no mar, como os tarugos plásticos das bateas, as boias (27), ou os restos de cabos (271) e sedelas enmarañadas (90), mentres que nos segundos non faltaron outra serie de obxectos típicos que adoitan a recollerse neste tipo de actividades, como poden ser os bastonciños de limpar os oídos (305), as cabichas (1645), os tapóns (245), os botes e botellas (120), así coma outra serie de envoltorios e plásticos indeterminados (1640), por citar tan só algúns.

A xornada completouse coa presentación dunha obra de arte dirixida por Carme Hermo en colaboración con Antón Sobral e realizada polas alumnas e alumnos de primeiro curso do Bachelorado de Artes do IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra con parte dos residuos recollidos durante as diferentes actuacións de limpeza, unha peza titulada “Mundo lixo” que ficará exposta no Centro de Visitantes do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, no edificio Cambón, coa finalidade de servir de memoria viva na loita contra os lixos mariños e as súas nefastas consecuencias sobre o medio ambiente.

Ademais, o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia doará tamén ao Parque Nacional, un determinado número de pés de diferentes tipos de especies arbóreas autóctonas co fin de compensar todas as emisións de CO₂ xeradas polos diversos desprazamentos realizados ao longo do proxecto,

Máis información: Colexio Oficial de Biólogos de Galicia info@biologosdegalicia.org 981 53 14 40

Adxúntanse a esta nota de prensa varias imaxes da xornada de hoxe.